



P.O.

DECRETO

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por acordo da Xunta de Goberno do 28.11.2025, apróbase a convocatoria e as bases específicas para a elaboración dunha listaxe de emprego de AUXILIAR SALA, para prestar servizos de carácter temporal na Rede Museística Provincial Deputación de Lugo (BOP núm. 280, do 05.12.2025).

As bases xerais que rexen a convocatoria son as que establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade), publicadas no BOP núm. 260, do 12.11.2025.

As cualificacións finais definitivas e a proposta do Tribunal coa orde da listaxe, publicouse na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade o 19.02.2026.

Á vista do resultado do proceso selectivo, o Tribunal formula proposta ante a presidencia da entidade para que aprobe a elaboración da listaxe de emprego temporal de AUXILIAR SALA da Deputación Provincial de Lugo, segundo os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos con carácter temporal na dita entidade.

Á vista do sinalado propónse á presidencia que, de conformidade co artigo 7 do RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedementos de selección do persoal funcionario da Administración Local, e co establecido no punto 10 e 11 das bases xerais que rexen esta convocatoria e, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 54 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, resolva:

1º.- Dar por rematado o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal de AUXILIAR SALA, grupo C - subgrupo C2, aprobando a inclusión das persoas propostas polo Tribunal que a continuación se sinalan:

Nº ORDE	APELIDOS E NOME	CUALIFICACIÓN
1	PÉREZ MURADO, DANIEL	34,20
2	PALLÍN PÉREZ, LAURA	32,30
3	ENCABO GONZÁLEZ, BELÉN MARÍA	30,60
4	PEÓN TRIGO, ANA ISABEL	30,50
5	RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, ANA	30,00
6	VÁZQUEZ VILA, DANIEL MANUEL	29,90
7	CASAL PENA, JAVIER SANTIAGO	26,70
8	BOURDON FERNÁNDEZ, FANNY	23,10
9	CELA FERREIRO, SILA	21,10
10	ENGROBA GARCÍA, IVÁN	20,20

	IV7RQDPOBROZJGEDCBIVMY2PMY	Fecha y Hora	02/03/2026 15:51:49	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQDPOBROZJGEDCBIVMY2PMY		Página	

2º.- Ordenar que a incorporación de efectivos se realice conforme aos criterios que rexen a incorporación de persoal para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo, de acordo co sinalado na resolución da presidencia vixente no momento da súa publicación.

3º.- Esta listaxe terá efectividade dende o día seguinte á publicación da presente resolución na web corporativa da Deputación de Lugo.”

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

A PRESIDENTA,
P.D. Decreto de data 14-01-2026
O DEPUTADO PROVINCIAL,

O SECRETARIO,

Asdo: Pablo Rivera Capón

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 03-03-2026
ata a día 24-03-2026
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O.



	IV7RQDPOBROZJGEDCBIVMY2PMY	Fecha y Hora	02/03/2026 15:51:49	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQDPOBROZJGEDCBIVMY2PMY	Página	2/2	